



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
QUINCE DE MAIO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

|                      |                                           |
|----------------------|-------------------------------------------|
| Alcalde-Presidente   | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO               |
| Tenentes de Alcalde: | D. MANUEL COSTA CARNEIRO                  |
|                      | D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ               |
|                      | D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA |
|                      | D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO    |
| Secretario           | D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO         |

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e minutos do día quince de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/04/2025).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Comunicación de obra de don Francisco Javier Baqueiro Canabal. (Expediente número 2024/U026/000079)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Francisco Javier Baqueiro Canabal para renovar cuberta de edificación repoiñendo as tellas rotas e limpeza; pintar fachadas laterais e frontal en cor gris claro; colocación de malla diáfana desmontable na fronte da parcela.

Dáse conta da declaración responsable presentada en Augas de Galicia, Clave: DH.W15.105086, que cumpre.

Dáse conta da autorización outorgada pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, referencia L-LC-2987, en sentido favorable.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000700300NH43F, emprazada en Francés, 1 - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de augas (R-5) , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ao contido das autorizacións sectoriais emitidas.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con setenta e cinco céntimos (#67,75#).

2.2.- Instancia núm. 202599900000297 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente número 2025/U022/000002)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de novo tramo de liña de baixa tensión subterránea, con inicio en derivación da RBTA existente no PAS proxectado no apoio existente e final na CPM do solicitante, sendo a canalización total da obra de 2 metros de lonxitude, código SGD: 618525010006. en Viño grande - Illobre (San Andrés) (expediente núm.: 2025/U022/000002) e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial colexiado 2233, cun orzamento provisional de 901,98 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 07/04/2025, así como ao contido da autorización sectorial.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación de obra de don Pedro Barreiro Duro. (Expediente número 2025/U026/000013)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Pedro Barreiro Duro para colocación de galería, de cor branca, en balcón da vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001602500NH44A, emprazada en Cibrán, 32 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e cinco euros con nove céntimos (#65,09#).

2.4.- Comunicación de obra de don José Bouzón Rey. (Expediente núm. 2025/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Bouzón Rey para renovación de cuberta de vivenda, aproximadamente 140 m<sup>2</sup> en planta, retirando a tella vella e colocando nova tella tipo verea.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001801200NH43E, emprazada en Fontao, 5 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e seis euros (#196,00#).

2.5.- Comunicación de obra de don José Varela Barreiro. (Expediente número 2025/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Varela Barreiro para renovación de cuberta de vivenda, de aproximadamente 75 m<sup>2</sup> en planta, consistente en retirar a tella e colocar uralita e nova tella tipo vereas. Pintado de todas as fachadas con cor branca.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001602300NH43F, emprazada en San Mamede, 12 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e tres euros con noventa céntimos (#133,90#).

2.6.- Comunicación de obra de dona Vanessa Abonjo Sánchez. (Expediente número 2025/U026/000017)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Vanessa Abonjo Sánchez para peche de parcela, na liña sinalada no PXOM de aproximadamente 60 metros de longo, con base maciza de bloque e de altura aproximada 1,20 metros, revestido con morteiro branco, e barras metálicas ata unha altura total de 1,80 metros, cunha altura que non superará o 1,80 m.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50230662, emprazada en Nande, 75 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

2.7.- Comunicación de obra de don Ignacio Mallo Castelao. (Expediente número 2025/U026/000021)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Ignacio Mallo Castelao para rehabilitación de vivenda consistente en renovación da cuberta retirando a tella existente e colocando nova tella tipo vereas.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001600900NH43G, emprazada en Viñopequeno, 1 - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa euros (#190,00#).

2.8.- Comunicación de obra de don Manuel Cabaleiro Tosar. (Expediente número 2025/U026/000019)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Cabaleiro Tosar para renovación de cuberta de edificación auxiliar, aproximadamente 72 m<sup>2</sup> en planta, consistente en retirar a uralita existente e colocar uralita e tella tipo vereá.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001503000NH43C, emprazada en Ximonde, 3 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e seis euros con noventa e catro céntimos (#76,94#).

2.9 .- Instancia núm. 202599900000368 de don Francisco Barcala Cao. (Expediente número 2025/U052/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, expón que con data do 07.06.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Nande, 75 - Sales (San Fins), referencia catastral da parcela 15090B50230662, (licenza número 2022/U022/000013), figurando como promotores o interesado e Vanessa Abonjo Sánchez, nos termos do proxecto achegado e asinado por Francisco José Vázquez González en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente municipal número: 2025/U052/000001) e aproba a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, debidamente ingresada.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo acorda a aprobación da liquidación definitiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras, á vista da certificación final da liquidación da obra executada, que se notifica co presente acordo e ascende á cantidade de trinta e tres euros con corenta céntimos (#33,40#) a devolver.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.10.- Instancia de dona Victoria Mata Souto. (Expediente municipal número 2025/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento de finca en Vilapedre – Illobre (San Andrés) en dúas parcelas resultantes e unha parcela para regularización do viario, nos termos da documentación técnica achegada asinada por técnico topógrafo colexiado número 1022, visado e de data 09/05/2025.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais (N-1), De expansión dos núcleos rurais (N-2) e Rústico de especial protección agrícola (R.2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Vilapedre - Illobre (San Andrés) nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, nos termos do disposto na ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 3, de 175 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens; debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

Procederáse á demolición do peche, segundo a nova delimitación das parcelas, debendo quedar a zona de cesión ao mesmo nivel que a vía municipal existente. Asemade, deberase proceder á limpeza e xestión do entullo procedente da demolición de peches, segundo o establecido no “Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición”.

### **3º.- Solicitude de autorización administrativa para utilizar o logo do concello.**

Dáse conta da instancia núm. 202500000000405 de dona Susana Raviña Carbia, na que expón que dende hai anos vén producindo pastas artesás, contando a panadería co selo de Artesanía alimentaria que lle outorgou a Xunta de Galicia, polo que solicita a autorización do concello para o uso do logotipo municipal na embalaxe das pastas para poder identificalas como produto propio do noso concello e deste xeito poder ofertar aos visitantes e á propia veciñanza un produto artesanal de identidade de Vedra.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

### **4º.- Dar contas das Resolucións da Presidencia do mes de abril.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do mes de abril:





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



| DECRETO | DATA       | ASUNTO                                                                                                                                                                                                               |
|---------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 232     | 01/04/2025 | Solicitud de subvención para a promoción da lingua galega                                                                                                                                                            |
| 233     | 01/04/2025 | Aprobación novos copagos/horas ás persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrência e cambios na prestación dos servizos dende o 01.04.2025                                               |
| 234     | 01/04/2025 | Alta no Saf, libre concorrência, de HNV                                                                                                                                                                              |
| 235     | 01/04/2025 | Solicitud de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural )                                                                                                                                      |
| 236     | 02/04/2025 | Aprobación liquidación taxas expediente de licenza urbanística para a construción de rampla en Cibrán –San Xián de Sales (2025/U026/000010)                                                                          |
| 237     | 02/04/2025 | Aprobación liquidación taxas expediente de licenza urbanística para a rehabilitación de vivenda en Silva de Abaixo –San Miguel de Sarandón (2025/U026/000011)                                                        |
| 238     | 03/04/2025 | Listaxe de admitidos/excluídos, designación membros da Comisión de Selección, e data, hora e lugar de celebración das probas do proceso de selección para a contratación do persoal do Programa PRL- Deputación 2025 |
| 239     | 03/04/2025 | Aprobación liquidación taxas informe urbanístico                                                                                                                                                                     |
| 240     | 03/04/2025 | Cambio de xornada e alta comedor na EIM de FCB                                                                                                                                                                       |
| 241     | 07/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés correspondente ao mes de abril                                                                                                  |
| 242     | 04/04/2025 | Aprobación liquidación taxas informe urbanístico                                                                                                                                                                     |
| 243     | 04/04/2025 | Aprobación liquidación de taxas de expediente de concesión prórroga licenza para construción de vivenda en Trasariz de Abaixo (Expediente 2016/U022/000008)                                                          |
| 244     | 04/04/2025 | Concesión de prórroga para a xestión de biomasa en parcela situada en Corbeixe – San Mamede de Ribadulla                                                                                                             |
| 245     | 04/04/2025 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (MCVM)                                                                                                                  |
| 246     | 04/04/2025 | Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (RLL)                                                                                                                   |
| 247     | 04/04/2005 | Aprobación liquidación de taxas de expediente para a colocación de galería en Cibrán- San Xián de Sales (Expediente núm. 2025/U026/000013)                                                                           |
| 248     | 04/04/2025 | Aprobación liquidación de taxas de expediente para rehabilitación de vivenda en Paradela – San Xián de Sales (Expediente núm.                                                                                        |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|     |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-----|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|     |            | 2025/U026/000012)                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 249 | 07/04/2025 | Aprobación proxecto corrixido da obra de Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede (POS + 2025 Complementario)                                                                                                                                                                                          |
| 250 | 07/04/2025 | Aprobación proxecto corrixido da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS + 2025)                                                                                                                                                                                    |
| 251 | 07/04/2025 | Solicitud de subvención para o proxecto Melloras eficiencia enerxética en biblioteca –ludoteca, e EIM, ao abeiro da orde do 05.03.2025 (fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local).                                                                                                                              |
| 252 | 07/04/2025 | Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (MLM)                                                                                                                                                                                                                |
| 253 | 07/04/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao contrato de servizos Actuacións de carácter supramunicipal do PSTD Terras de Santiago , incluídos na relación de facturas F.2025.13 por importe de 50.292,50 euros                                                                                                  |
| 254 | 07/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra, correspondente ao mes de abril                                                                                                      |
| 255 | 07/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, días soltos en marzo                                                                                                                                                                           |
| 256 | 07/04/2025 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.12 por importe de 102.629,78 euros                                                                                                                                                                       |
| 257 | 07/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria das excursións da terceira idade realizadas no mes de marzo                                                                                                                                                                                             |
| 258 | 08/04/2025 | Peché da bolsa relativa ao proceso de selección dun posto de monitor/a de tempo libre para reforzo do Programa de conciliación Concilia, aprobado por R.A. 906/23, de data 22.11.2023, por renuncia das persoas candidatas                                                                                           |
| 259 | 08/04/2025 | Aprobación certificación núm. 2 e última da obra de Mellora de camiños en Fontao (Vedra) (Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024/2025) e factura correspondente da adxudicataria, F. Gómez y Cía, por importe de 26.934,26 euros                                                  |
| 260 | 08/04/2025 | Adxudicación como contrato menor do servizo de atención na Oficina de Turismo na tempada de verán 2025, a Javier Blanco Carballal, con cargo á subvención da Deputación (Programa DP0029, dirixido a concellos e agrupacións de concellos de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das |





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



|     |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|-----|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|     |            | oficinas de turismo durante o ano 2025).                                                                                                                                                                                                                                         |
| 261 | 08/04/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                                                          |
| 262 | 08/04/2024 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias , incluídos na relación de facturas F.2025.14 por importe de 173.836,98 euros                                                                                                                                 |
| 263 | 09/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrência, correspondente ao mes de marzo                                                                                                                                               |
| 264 | 09/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de marzo                                                                                                                                                      |
| 265 | 09/04/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                                                          |
| 266 | 09/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de abril                                                                                                                                            |
| 267 | 09/04/2025 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de abril                                                                                                                                        |
| 268 | 09/04/2025 | Actualización copago polo Saf-Libre concorrência de IPG                                                                                                                                                                                                                          |
| 269 | 09/04/2025 | Declarando a continuidade do contrato de servizos enerxéticos e mantemento da garantía total das instalacións de iluminación pública exterior do concello de Vedra (Expediente núm. 2018/C005/000001) coa mercantil Ferrovia Enerxía S.A, sucedendo a FERROVIAL CONSTRUCCIÓN S.A |
| 270 | 09/04/2025 | Estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona B.E.B por danos ocasionados no seu vehículo por mor de fochanca en pista municipal, por importe de 200,00 euros (Expediente núm. 2025/P001/000002)                                                    |
| 271 | 09/04/2025 | Altas no padrón municipal de habitantes                                                                                                                                                                                                                                          |
